



A Federación Galega de Caza manifesta a súa indignación ante a solta de visóns por segundo ano consecutivo, e pide que se depuren responsabilidades.

Ante a solta de visóns realizada por uns desaprensivos en varias granxas da provincia da Coruña a pasada fin de semana, a Federación Galega de Caza igual que fixera fai escasamente un ano, ven de condenar enerxicamente este tipo de barbarie ecolóxica, contra unha actividade económica legal amén do delito ecolóxico cuxas responsabilidades haberán de depurarse e os seus autores deberán pagar por elas. A FGC manifesta o seu respecto polos grupos ecoloxistas, porque está segura de que están tan lonxe destes delinquentes como os cazadores dos furtivos.

Para a FGC o máis urxente nestes intres é a recuperación dos animais, para evitar así as graves consecuencias tanto na fauna salvaxe como na doméstica. Recuperación á que os cazadores están a axudar estes días que coincidentemente moitos deles atópanse nos montes adestrando os seus cans de cara á inminente apertura da tempada de caza.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com